

INSTRUCCIÓN ADMISIÓN E MATRÍCULA - 2024/2025

SOAMENTE APLICABLE A PERSOAS QUE SOLICITAN CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN

1.- PROCESO DE ADMISIÓN TELEMÁTICA

PRAZO

Do luns 24 de xuño ás 9:00 horas ao xoves 4 de xullo ás 13:00 horas

REQUISITOS IMPRESCINDIBLES

1. Cubrir unha única solicitude na que se poderá optar a catro cursos de especialización como máximo. Estará dispoñible en <https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission/> e:
 - a. A aplicación pode solicitar que se cargue documentación.
 - b. Unha vez rematada a solicitude, no caso de que esta indique "a solicitude non terá validez se non está datada e validada por un centro de Galicia con oferta de cursos de especialización ...", será obrigatorio entregala nun centro con oferta de cursos de especialización.
 - c. Gardar sempre a solicitude a modo de resguardo, porque se vai precisar para a matrícula.

LISTAXE PROVISIONAL DE SOLICITUDES

O **mércores 10 de xullo** publicarase a listaxe provisional de solicitudes. No caso de ter que reclamar, o prazo comeza ás 9:00 horas do mesmo día 10 de xullo e remata ás 13:00 horas do venres 12 de xullo.

LISTAXE DEFINITIVA DE SOLICITUDES E LISTAXE DA ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

O **mércores 17 de xullo** publícanse ambas listaxes.

No caso de resultar adxudicado/a, pasamos ao punto 2: **MATRICULACIÓN.**

2.- PROCESO DE MATRICULACIÓN

PRAZO

Do mércores 17 de xullo ás 9:00 horas ao luns 22 de xullo ás 13:00 horas

REQUISITOS IMPRESCINDIBLES

1. Empregando o código da solicitude de admisión, acceder e realizar a matrícula en <https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission/> (ou ben renunciar á praza adxudicada).
2. **NOTA IMPORTANTE:** para que a matrícula sexa efectiva, o alumnado menor de 28 anos debe realizar o ingreso do importe do seguro escolar e aportar o xustificante de dito ingreso **a nome do/a alumno/a**. Os datos necesarios para facer o ingreso son os seguintes:
 - a) **Nº de conta bancaria:** **ES39 2080 0234 4130 4000 3005**
 - b) **Importe:** **1,12€**
 - c) **Concepto:** **Seguro escolar - Nome e apelidos do/a alumno/a que se matricula**O xustificante do pago do seguro escolar pódese enviar por correo electrónico ao enderezo administracion.cifp.rodolfo.ucha@edu.xunta.gal

MOI IMPORTANTE

**QUEN NON SE MATRICULE EN PRAZO NIN RENUNCIE Á PRAZA ADXUDICADA
QUEDARÁ EXCLUÍDO/A DO PROCESO DE ADMISIÓN**